

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE MEDIO

AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS DE DATA 11 DE FEBREIRO DE 2010

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas do día 11 de febreiro de dous mil dez, reúnen en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, os membros da Comisión Informativa de Medio Ambiente e Servizos que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

Asistentes:

Presidente:	• Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG
PSdeG-PSOE:	• Dona Erundina Prado Arcay • Don Jaime Manuel López Lisnier • Dona Carmen Tato Lago
PP:	• Don Santiago Manuel Ríos Rama • Don Felipe Andreu Barallobre
BNG:	• Dona Gumersinda Becerra Montes
EU-IU:	• Don Luis Miguel Taibo Casás
GM (PG):	• Don Manuel Marante Gómez
Concelleira non adscrita:	• Dona M ^a Beatriz Ramos Padín

Non asisten, con escusa, don Nicolás José Cubeiro Martínez e dona Goretta Pérez Eléxpuru, titular e suplente, respectivamente, do PP.

Faise constar que están presentes o Sr. alcalde, don Antonio Varela Saavedra, e os señores concelleiros dona M^a Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parcero Rial, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, dona M^a Jesús González Roel e

dona M^a Jesús Vieites Mariñas, do PP; don Antón Otero Domínguez, do BNG; e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona Verónica María Otero López, como secretaria accidental da corporación.

A continuación, examinouse o asunto incluído na orde do día da convocatoria.

Modificación, se procede, do acordo de aprobación dos investimentos a incluír no Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local creado por Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro, adoptado polo pleno da corporación o día 2 de febreiro de 2010

Vista a proposta de Alcaldía de data 8 de febreiro de 2010.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo explica aos concelleiros presentes as razóns que fixeron necesario levar a cabo a modificación do acordo adoptado polo pleno da corporación o día 2 de febreiro de 2010, e que afecta ao servizo denominado “Modernización de sistemas de xestión, programas de xestión de facturación.

O Sr. presidente somete a votación ordinaria a proposta. Votan a prol os tres concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do BNG, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita, e abstéñense os dous concelleiros presentes do PP.

A comisión, por sete votos a prol, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordos ao pleno da corporación:

Primeiro: Modificar o apartado primeiro do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Cambre coa data do 2 de febreiro de 2010, relativo á aprobación dos investimentos a incluír no Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local, substituíndo os datos correspondentes ao servizo denominado “Modernización de sistemas de xestión, programas de xestión de facturación” polos seguintes:

Denominación do servizo	Proxecto sen IVE	16 % IVE	TOTAL investimento
Modernización de sistemas de xestión, programas de xestión de facturación	25.281,53 euros	4.045,04 euros	29.326,57 euros

Segundo: Aprobar a memoria explicativa modificada correspondente ao referido servizo, e que contén os datos esixidos no punto terceiro da Resolución do 2 de novembro de 2009 da Secretaría de Estado de Cooperación territorial, e que se achega como Anexo ao presente acordo.

Terceiro: Presentar novamente a solicitude de inclusión deste servizo, co seu importe modificado total de 29.326,57 euros, dentro do Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local aprobado por RD-Lei 13/2009 do 26 de outubro, segundo se establece no seu artigo 12 e nos puntos terceiro e cuarto da Resolución do 2 de novembro de 2009.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as trece horas e dez minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente
P.D.

A secretaria accidental

Henrique Xabier Iglesias Oviedo

Verónica María Otero López